

Dependencia PLA.- Planeamento 57.- RALUZ		
Documento PLA10I00K	Expediente PLA/73/2014	Fecha 22-01-16 11:37

Asunto

Interesado y Localización de la Actividad

**Resumo executivo Modificación puntual do
Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos)**

15078DPLA10I00KP
² 15078DPLA10I00KPt»
² 15078DPLA10I00KPt»

Para os efectos do disposto polo artigo 25.3 do RD legislativo 7/2015 –que substitúe ao antigo 10.3 do Real decreto legislativo 2/2008- na documentación sometida a información pública, **incluírase un resumo executivo co seguinte teor:**

1. A Modificación afecta á redacción das ordenanzas H, R1 e R2 do vixente Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos) –aprobado definitivamente o 19 de maio de 2006- e cuxa regulación se contén nos artigos 15, 12 e 13 da normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia do día 24 de xullo de 2006.
2. As parcelas afectadas pola Modificación figuran identificadas coa súa referencia catastral e localización no documento presentado o 21 de marzo de 2016 (plano C.01)
3. No ámbito da ordenanza H –parcela catastral 2077706NH3427E0000BQ- o obxecto da Modificación é ampliar os usos autorizados polo artigo 15 da normativa vixente do Plan de sectorización, no senso de permitir, ademais do hoteleiro, os seguintes usos dotacionais, de titularidade pública ou privada: asistencial, sanitario, docente, sociocultural, deportivo, relixioso e institucional-administrativo. Así mesmo, incorpórase a ordenación resultante do Estudo de detalle aprobado polo Concello o 26 de novembro de 2009, que poderá ser adaptado ou revisado a través dun novo Estudo de detalle segundo a normativa de aplicación.
4. No ámbito das restantes parcelas afectadas -ordenanzas de vivenda unifamiliar R1 e R2- modifícanse as *Condicións de proxecto* reguladas nos artigos 12 e 13 da normativa a fin de permitir a redacción dun Estudo de detalle que asegure a coherencia e integración do conxunto, con carácter alternativo ou opcional á aprobación dun proxecto único de edificación de cada unha das illas definidas no Plan.
5. Dado o contido e alcance da Modificación proposta, a súa aprobación inicial non impide o outorgamento das licenzas que resulten conformes coas determinacións do planeamento vixente (Plan de sectorización e Estudo de detalle) .